

Santiago, 1 de xullo de 2020

CIRCULAR BOLSAS CONCELLO DE SANTIAGO

Estimadas familias:

Informámosvos que no día 29 de xuño foi publicada no BOP a convocatoria de **bolsas de comedor, actividades extraescolares e material escolar** do **Concello de Santiago** para o vindeiro curso 2020/21.

Poderán solicitar estas axudas as unidades familiares e de convivencia (proxenitores solicitantes e menores beneficiarios) **empadroados e con residencia no Concello de Santiago**.

PRAZO:

15 días hábiles contados a partir do seguinte a publicación da convocatoria.

DOCUMENTACIÓN :

Anexo I, anexo II e anexo III normalizados, que estarán á disposición das persoas interesadas na Concellería de Políticas Sociais e Saúde, na oficina de Atención á Cidadanía www.santiagodecompostela.gal. **Tamén** son enviados nesta mesma circular nas seguintes páxinas.

PRESENTACIÓN:

Deben presentarse os anexos, xunto coa documentación que se detalla nas bases 9 e 10 a través dun dos seguintes medios:

- De xeito telemático, a través do "Rexistro Electrónico Común - REC", accesible no enderezo electrónico <https://rec.redsara.es/registro/action/are/acceso.do>
- No Rexistro do concello.
- Por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

A documentación obrigatoria para a bolsa de **actividades extraescolares** debe complementarse **cun xustificante de ter realizada a prescrición ou reserva de praza nas actividades extraescolares no colexio para o curso 2020/21**. O prazo para a presentación deste documento **rematará o día 18 de setembro do 2020**.

No noso centro abrírase a **inscrición** das actividades extraescolares do **1 ao 20 de setembro**, pendentas da evolución do COVID-19 para a realización dos agrupamentos. **Esta inscrición intentaremos que sexa presencial e telemática a través da plataforma**.

Por si fose necesario, achegámosvos a relación de actividades extraescolares que serán ofertadas así coma os prezos de cada unha delas para que os teñades en conta para a solicitude das axudas.

O procedemento será:

1. Cubrir nos anexos correspondentes a solicitude de axudas para as actividades extraescolares e entregar no concello.
2. Inscrición no colexio da actividade extraescolar correspondente en setembro.
3. Solicitar no colexio o xustificante de inscrición das actividades e presentalo no concello. O prazo para a presentación deste documento rematará o día **18 de setembro do 2020**, salvo por causa xustificada e acreditada, que poderá ser presentado ata o día **30 de setembro do 2020** incluído.

Ao comezo do curso e segundo as instrucións que nos acheguen as autoridades sanitarias e educativas, informaremos sobre como se levarán a cabo as actividades extraescolares así coma os horarios definitivos segundo a demanda.

Sen outro particular, recibide un cordial saúdo e bo verán!



Equipo Directivo